
RESEÑAS

DOMÍNGUEZ GARCÍA, J. M. (2010), *Cátedras de Gramática y Educación en Galicia, Siglos XVI y XVII, Fundación Barrié de la Maza, Colección Galicia Histórica, 384 pp.*

Estamos diante dunha nova aportación á historiografía educativa de Galicia, que é tamén polo alcance do seu tratamento unha nova e valiosa peza da historiografía modernista española, non sobrada de aportacións nos tempos que corren. Despois de ter sido en orixe unha tese de doutoramento, presentada na UNED en Madrid, baixo a dirección do profesor Javier Vergara, preséntase agora como un madurado, consolidado e ben conformado texto composto por seis ben dimensionados capítulos, acompañados dunha Presentación, elaborada coa finura a que nos ten acostumados Eduardo Pardo de Guevara, en calidade de director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, unha Introducción cos planteamentos historiográficos, unas oportunas Conclusións, unas pródigas fontes e anotación de recursos documentais, trinta páxinas de anexos documentais e índices onomásticos e de preceptores relacionados coa educación en Galicia no tempo considerado.

Sobre a cuestión das cátedras de gramática dispoñíamos de notas e contribucións, eruditas e positivistas, ciscadas través dunha ampla morea de libros e revistas de diverso alcance. Veu logo unha primeira síntese descritiva, como foi a realizada por Xosé Ramón Barreiro Fernández (in, *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, Ilustración e Política*, T. IV da "Historia de Galicia", Hércules de Edicións, A Coruña,

1991, pp. 19-119); en 2004 Antón Costa na súa *Historia da educación e da cultura en Galicia* produciría una nova síntese, neste caso con maior alcance interpretativo (desde o punto de vista da chamada historia cultural), vindo aínda logo en 2007 a contribución de Pegerto Saavedra (*O ensino: desde escolas de ferrado á Universidade*, T. VIII da "Gran Historia de Galicia", La Voz de Galicia, A Coruña, pp. 69-97) e aínda o texto, en certo modo complementario, de Obelleiro Piñón (*As escolas de fundación en Galicia. Unha necesidade social de alfabetización*, A Nosa Terra, Vigo, 2007).

Máis o texto de Xosé Manuel Domínguez fai unha presentación historiográfica das Escolas e Cátedras de gramática en Galicia superior e en conxunto máis rica que calquera das anteriores, a pesar de que estamos ante un texto que temos de ver en clave positivista, ás veces cun exceso de "materiais para a historia", máis que de historia propiamente dita, e a pesar dalgúns erros historiográficos (non corrixidos sobre o texto da tese orixinal), como o de manter a data de 1495 e as referencias primeiras da cátedra de gramática compostelana de Lope Gómez de Marzoa, e logo de Diego de Muros, como piar e xa inicio do "estudo xeral" compostelano, tal é o poder en ocasións das "autoridades" no senso escolástico.

Despois de delimitado o tema e de sinalar os diferentes tipos de estudos de gramática, no primeiro capítulo fai o autor unha oportuna referencia aos antecedentes (as escolas catedralicias medievais, os concilios eclesiásticos medievais, e a problemática suscitada arredor da creación das cátedras). Adica o capítulo II a trazar os rasgos constitutivos da sociedade galega durante o tempo do Antigo Réxime, cunha alusión xeral ao panorama esco-

lar (escolas primarias, colexios de orfas, estudos conventuais, colexios de xesuitas, iniciativas municipais, as cátedras de gramática da universidade de Santiago). Entra, de seguido no percorrido polas cátedras de gramática. No capítulo III faise a historia das cátedras de A Coruña, Tui, Ribadeo e Pontevedra, durante a primeira metade do século XVI. Durante a segunda metade a atención concentrárase nas cátedras de Ourense, Viveiro, Noia, Vilagarcía, Pontedeume e nas dos seminarios de Mondoñedo e Lugo, indo a atención no tempo do século XVII cara as de Betanzos e Melide. Por fin, no capítulo VI o autor presenta unha ben trazada síntese panorámica do que significaban culturalmente as cátedras e estudos de gramática: o que se estudaba, o alumnado e o profesorado, o material didáctico (libros de texto e obras de literatura), a metodoloxía de ensino, o exame das aprendizaxes e o control e vixianza das escolas de latinidade.

A edición contén unha boa referencia de fontes documentais e bibliográficas, anexos documentais sobre as cátedras de Pontedeume e Betanzos, listados de Mestres, riqueza e selección de elementos gráficos e unha cuidada e elegante maqueta, no marco da colección de honor que está sendo a “Galicia histórica”.

Antón Costa Rico

COSTA RICO, A. (2010): D’abord les enfants. Freinet y la educación en España (1926-1975). USC. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

As obras de Célestin e de Élise Freinet foron obxecto de atención por parte de distintas editoriais (Estela, Fontanella, Laia,

Morata...), que publicaron en castelán e tamén en catalán moitos dos seus temas, a partir dos comezos de 1970. Foron lecturas obrigadas para os estudantes universitarios que nos formamos naquela época. En galego, de C. Freinet, aparecía hai pouco máis dunha década, *Técnicas Freinet da Escola Moderna* (Xerais, 1997), precisamente cunha introdución a cargo de Antón Costa Rico, a propósito de centenario do nacemento de C. Freinet.

Antón Costa non necesita presentación, hoxe Catedrático de Historia da Educación na Universidade de Santiago de Compostela. Ademais das viaxes iniciáticas aos Alpes Marítimos a comezo dos 70, nunca deixou de aproveitar a oportunidade para trasladarse ao sur do país veciño, percorrendo os espazos vitais polos que transcorreu a azarosa vida do matrimonio Freinet, esculcando en institucións, fondos públicos e privados. De todo isto dá fe neste fermoso, aparentemente breve, pero profundo traballo. Xa antes, no seu completo estudo, *Historia de la educación y de la cultura en Galicia* (2004), A. Costa dedicáballe un apartado aos mestres franceses, que ocupan un lugar importantísimo dentro dos propósitos de reforma pedagóxica.

Nesta ocasión, preséntanos un volume de 253 páxinas, organizado en seis partes, arredor da pedagogía Freinet e da súa influencia sobre os educadores españois. O texto, con abundante documentación en francés, figura amplamente ilustrado con reproducións de portadas de revistas pedagóxicas e sindicais da época, fotografías e materiais sobre os que existe en boa maneira un gran descoñecemento entre os investigadores e o propio profesorado. Moi importante igualmente a indicación das fontes de documentación e a bibliografía ordenada